


# PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

**CEIP SAN TOMÉ  
CAMBADOS**



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEGAL
3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CEIP SAN TOMÉ
4. ESTUDO DO CENTRO: ENQUISAS
5. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO
6. OBXECTIVOS
7. ACTIVIDADES E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR EN EDUCACIÓN INFANTIL E NAS ÁREAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA
9. TRATAMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS
11. CONCLUSIÓN

## 1. INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión nunha comunidade. O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, no seu artigo 5, define o galego como “lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais na nosa Comunidade Autónoma e que todos e todas teñen o dereito de coñecelos e usalos”.

O Proxecto Lingüístico do Centro é un documento de carácter pedagóxico-administrativo que ten a función de concretar as actuacións específicas que se levarán a cabo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e darllas a coñecer á administración educativa.

O Proxecto Lingüístico fundaméntase na conexión das áreas e nos ámbitos interdisciplinares de comunicación. A súa posta en práctica depende do grao de convencemento de que o ensino da lingua é unha responsabilidade compartida, pois esta desenvólvese en contextos comunicativos e o dominio da mesma condiciona toda a aprendizaxe.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que se presentan a continuación:

- ***Constitución Española de 1978***, na que se establece o castelán como a lingua oficial do Estado e o Galego como lingua cooficial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ***Estatuto de Autonomía de Galicia***, no que se determina que os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e temos o dereito de coñecelos e usalos. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas,

potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

- **po *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística***. Establece como obxectivo principal que "ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán".
- ***Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, polo que se regula o uso do galego no sistema educativo***. Establece o marco para a posta en marcha dos EDLG, así como a elaboración do Proxecto Lingüístico de centro.
- ***Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema***.
- ***Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia***, con relación á exención da materia de lingua galega.
- ***Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia***.
- ***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia***.

Nestes dous últimos decretos establécense os obxectivos das dúas etapas en canto ao coñecemento, uso e valoración das linguas galega e castelá, así como a organización das mesmas dentro do currículo académico.

### 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CEIP SAN TOMÉ

O CEIP San Tomé está situado no concello de Cambados, comarca do Salnés, no centro das Rías Baixas na provincia de Pontevedra.

A poboación do concello é duns 14.000 habitantes distribuídos nas cinco parroquias que ten o municipio.

No curso 2019- 2020 o CEIP San Tomé ten escolarizados 380 nenos e nenas en Infantil e Primaria, con línea dobre en todos os cursos.

Un dos piares principais da súa economía é o mar, que dá emprego, de forma directa, a máis de 1.000 persoas, á vez que é xerador de actividades tanto industriais como comerciais e turísticas, que conforman o tecido económico principal da vila.



É relevante sinalar que no concello de Cambados existe unha significativa presenza de inmigrantes que chegaban buscando emprego no sector do mar. A orixe desta poboación inmigrada é, sobre todo, sudamericana, aínda que tamén temos procedencia doutros países. Isto fai que no centro contemos cun número significativo de alumnado procedente doutros países e culturas, e, polo tanto, con linguas maternas diferentes do galego.



#### **4. ESTUDO DO CENTRO: ENQUISAS**



Para poder chegar a unha conclusión realista sobre a situación lingüística do centro, considérase necesario recoller información e realizar un estudo detallado sobre a realidade de toda a comunidade educativa. Para isto, tívose a ben elaborar enquisas para valorar, por unha parte, os aspectos relacionados coa lingua do profesorado do centro, e por outra, a situación lingüística das familias e polo tanto do alumnado.



##### Enquisa ao profesorado do centro


Na enquisa participaron 27 dos 30 mestres e mestras que compoñen o claustro do centro. A continuación móstranse os resultados:
















VALORA OS SEGUINTES ENUNCIADOS XENÉRICOS:












### Enquisa ás familias do alumnado


A continuación móstranse os resultados da enquisa realizada ás familias. Dos 382 nenos e nenas que forman parte do centro no curso 2020/2021, participaron 329 familias.


Este foi o resultado:





















AMOSE O SEU GRAO DE ACORDO OU DESACORDO COAS SEGIUNTES OPCÍONS:







## 5. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

Unha vez elaboradas as gráficas resultantes das respostas dadas nas enquisas polo profesorado e polas familias, xa se pode analizar os resultados das mesmas, os que reflectirán a situación social do galego na nosa comunidade educativa.

### 5.1. O profesorado

Na gráfica na que se pregunta a lingua empregada na vida cotiá, só un 17% usa o galego exclusivamente, fronte a un 40% que di utilizar máis castelán ca galego a diario. Isto resulta moi significativo, xa que nas vidas da maioría das mestras e mestres o galego non está presente dun xeito habitual e normalizado.

Polo que respecta á lingua empregada co resto do equipo docente destaca un maior uso do castelán nun 33%, fronte a un 10% dun maior uso do galego, o que indica un reflexo sobre a preferencia lingüística do profesorado á hora de utilizar unha das dúas linguas oficiais de Galicia.

Pola contra, o galego emprégano máis có castelán co alumnado, representando un 37%, fronte a un 23% que utiliza máis castelán ca galego.

Á hora de enviar notas de abalar, avisos, etc., as profesoras e profesores prefiren o galego, xa que un 20% só as redacta na nosa lingua, e un 40% usa máis galego ca castelán á hora de escribir as mesmas.

O claustro recoñece que fala mellor en castelán (33%) ca en galego (23%); que escribe mellor en castelán (50%) ca en galego (7%); que entende as dúas linguas por igual nun 77% e só mostra ter dificultades un 7% na comprensión oral da nosa lingua; e teñen comprensión lectora nas dúas linguas un 70%. O que máis destaca neste gráfico é a expresión escrita, xa que a metade do profesorado recoñece escribir mellor en castelán e só un 7% o fai mellor en galego.

O nivel de capacitación para o emprego do galego na actividade docente é media nun 43% e alta noutro 43%.

Tódalas mestras e mestres responderon que teñen unha disposición alta para a mellora do nivel do galego, que como comprobamos na gráfica anterior, só un 43% considera que se defende en galego perfectamente cun nivel moi bo.

Do mesmo xeito, todo o equipo docente é favorable ó uso e dinamización da nosa lingua, que contrasta cunha das gráficas onde só un 20% emprega o galego sempre co resto do profesorado.

Con respecto ó idioma que debería predominar no centro en canto ó traballo docente, o resultado para o galego é dun 60% fronte a un 30% onde se reflicte que ámbalas dúas linguas.

Un 60% está totalmente de acordo en que, en Galicia, debería usarse máis o galego, e un 17% está moi de acordo. Pero isto contrasta co respondido na gráfica do uso cotiá da lingua onde un 40% emprega máis o castelán có galego, fronte a un 13% que usa máis galego ca castelán.

Ante a cuestión de se a adquisición de dúas linguas ou máis enriquece hai unanimidade en responder que están totalmente de acordo.

É significativa a porcentaxe tan alta que suman os que están totalmente de acordo, cun 27%, e moi de acordo, cun 33%, con que o uso do galego establecido na lexislación educativa é escaso.

Un 7% das profesoras e profesores indican que están pouco de acordo con que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social da nosa lingua, fronte ó 63% que están totalmente de acordo.

A maioría do claustro considera que a lingua galega debe ser fomentada socialmente cun 70% que están totalmente de acordo.

## **5.2. As familias**

As enquisas cubertas polas familias indican claramente un descenso terrible no uso do galego coma lingua materna e vehicular dentro do núcleo familiar, representada por un 7,59%, fronte a un 59,27% que utiliza o castelán.

O feito de non ter o galego coma lingua inicial ten como consecuencia que un 50,46% teña pouca capacidade para falalo e só un 9,12% posúa moita. A pesar disto, polo que respecta á comprensión oral un 42,25% ten moita capacidade para entendelo.

En canto ó uso habitual do galego un 36,17% fala só en castelán, fronte a un 5,17% que fala máis galego ca castelán, xa que en galego só o fai un 1,82%.

A lingua empregada na casa de xeito habitual non varía moito da gráfica comentada anteriormente, xa que un 43,47% só usa o castelán, e un 38,91% máis castelán ca galego.

Co grupo de iguais, o alumnado usa máis castelán ca galego, que supón o 54% da totalidade.

Con respecto á utilización das linguas por parte dos membros da familia, as avoas e avós empregan unicamente o galego nun 35% os maternos, e nun 32% os paternos, fronte ós que só utilizan o castelán cun 14% os maternos e cun 15% os paternos. Moi diferente é a situación das nais e dos pais, onde se ve claramente a perda do galego dunha xeración a outra, que repercute directamente na transmisión oral da nosa lingua. Utilizan só galego un 9% das nais e un 18% os pais, fronte a un 21% das nais e un 12% dos pais que empregan exclusivamente o castelán. Pódese observar coma no uso só do galego hai un descenso significativo entre avoas e avós, e nais e pais.

No que se refire á lingua que se lle fala ás nenas e nenos seguen a ser as avoas e avós os principais transmisores da nosa lingua, xa que as nais e os pais comunícanse coas súas fillas e cos seus fillos ou só en castelán ou máis en castelán ca en galego, nunha maior porcentaxe ca só en galego ou máis en galego ca castelán.

Polo que respecta á lingua que falan entre si, as avoas e avós destacan dun xeito considerable os que só usan galego (un 47% os maternos e un 46% os paternos). O emprego das avoas e avós da nosa lingua como lingua materna e vehicular, implica que os pais nun 43% falen en galego coas avoas e avós e un 36% das nais se comuniquen tamén nesta lingua coas avoas e avós. A pesar disto, as nais e pais falan entre si só en galego un 24%, polo que a lingua materna que lles foi transmitida de pequenos perdeuse nunha gran cantidade de familias dunha xeración a outra. O uso do galego diminúe cando as nais e pais falan coa veciñanza, co profesorado, coas médicas e médicos, etc., fronte a un uso importante de máis castelán ca galego nestas situacións.

A pesar da perda do uso do galego, as familias consideran ter unha alta capacitación na nosa lingua (51% de nais e un 61% de pais), fronte a un 11% de nais e un 12% de pais que pensan que posúen un nivel baixo en galego.

As familias opinan, nun 63%, que é útil aprender galego, fronte a un 5% que está pouco de acordo.

Un 61% considera que está totalmente de acordo coa utilidade de estudar a nosa lingua, fronte a un 5% que están pouco de acordo.

En canto á utilidade de falar galego, un 57% está totalmente de acordo e un 9% pouco de acordo. Destaca un 1% que pensa que non é nada útil falar galego.

A gran maioría das familias, un 71%, consideran que tódolos galegos deben coñecer a lingua do seu país, e un 1% está pouco de acordo con isto.

Un 44% das nais e pais consideran que o galego, para falalo ben, hai que aprendelo na escola, fronte a un 15% que está pouco de acordo con esta afirmación.

No que ten que ver coa presenza do galego nos rótulos, taboleiros, aula virtual, blogs, etc., dentro do centro, un 52% está totalmente de acordo, fronte a un 8% que está pouco de acordo e un 3% que non está nada de acordo.

### **5.3. Conclusións**

Despois de facer esta análise, tanto do profesorado coma das familias, pódese apreciar a necesidade de fomentar a nosa lingua na escola para que, dun xeito normalizado e natural, o alumnado o leve á súa vida cotiá.

Vai ser unha misión primordial conseguir destruír eses prexuízos que tanto dano lle fan ó galego, e que están máis asentados ca nunca nas novas xeracións, xa que en cada unha vaise perdendo máis e máis a nosa lingua a favor do castelán. Toda esta situación reflicte unha aguda diglosia na nosa sociedade, que está a facer que un tesouro tan importante como temos en Galicia, que é unha lingua propia que sobreviviu séculos e séculos dun xeito oral a situacións extremas e inxustas, vaia desaparecendo co paso dos anos.

A normalización do galego no centro pasa polo emprego do mesmo entre o profesorado e co alumnado, para darlle prestixio, e ser un exemplo para tódolos escolares. A actitude das mestras e mestres nas enquisas reflicte ser moi positiva cara a nosa lingua, e estar dispostos a mellorar, pero o paso á acción vai ser esencial para que a perda do galego non aumente nas escolas.

Polo que respecta ás familias, o descenso do uso da nosa lingua é moi preocupante, pois recoñecen ter problemas para escribilo, para expresarse oralmente e, incluso, para entendelo. A nosa riqueza lingüística está presente, sobre todo, nas avoas e avós, que fan que a lingua estea viva e sexa útil, pois a súa función non é, nin máis nin menos, cá de calquera outra, a de comunicarnos. Son as e os galegofalantes os que nos

deixan unha herdanza preciosa e única, que nos define coma pobo e que reflicte no seu léxico, nos seus acentos, nos nosos pensamentos..., a nosa forma de ser e de sentir en galego. Só depende de nós conservalo e continuar transmitíndoo.

## 6. OBXECTIVOS

Como ven de ser analizado e reflictido neste documento a través do estudo realizado, a nosa realidade sitúase nunha contorna castelán falante, onde o emprego do galego se vai perdendo de xeración en xeración ata chegar a un punto alarmante no que o alumnado ten cada vez menos competencia en lingua galega, tanto para falalo como para entendelo ou escribilo.

Así, en función da realidade lingüística do noso centro, iniciamos un camiño (a percorrer durante varios anos) que terá como grandes finalidades:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible dentro das competencias outorgadas ao centro nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Consolidar a competencia do castelán sen que o fomento do galego implique un retroceso nas competencias lingüísticas do noso alumnado.
- Adquirir e consolidar as catro capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa nas dúas linguas, que son: comprender, falar, ler e escribir.
- Iniciar e consolidar o estudo dunha terceira lingua (a primeira lingua extranxeira).
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Obter unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e profesorado.

- Ofrecerlle ao noso alumnado a posibilidade de percibir as innumerables utilidades que ten o noso idioma.
- Promocionar a dinamización da lingua galega no centro, tanto no profesorado como na administración e elaboración de documentos de centro.
- Poñer en valor a lingua galega implicando a todos os axentes escolares neste proceso.
- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa aspectos culturais da contorna e de Galicia vinculados ao emprego do galego.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.

Deste xeito e a partires destas finalidades, establecemos os seguintes obxectivos:

#### A) A curto prazo

- Comprometer na tarefa normalizadora ao maior número posible de membros da comunidade educativa.
- Concienciar aos sectores máis próximos a nosa realidade educativa para acadar un cambio progresivo da súa actitude lingüística.
- Manter e continuar elaborando en galego toda a documentación administrativa e de xestión do centro.
- Promover o uso do noso idioma en carteis, murais, festivais, espectáculos e todo tipo de actividades que se realicen dende o centro.
- Adquirir para o centro material en galego.
- Diseñar e coordinar un proxecto de sensibilización e actividades a prol da normalización e dinamización lingüística dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto.

- Concienciar á comunidade educativa de que o galego é unha lingua totalmente válida para desenvolverse en todos os campos (educativo, artístico...) e realidades (médico, casa, colexio, con amizades...).
- Amosar ante o alumnado que a aprendizaxe e utilización da nosa lingua ten interese e utilidade social, ademais de que proporciona un gran enriquecemento cultural.
- Concienciar ao alumnado de que o futuro da nosa lingua está intimamente relacionado coa nosa actuación e que a nosa participación e uso individual van ser aspectos positivos na recuperación do seu uso.
- Potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.

#### B) A medio prazo

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- Dotar o centro de material didáctico e multimedia axeitado en galego.
- Aumentar progresivamente os espazos e tempos nos que se desenvolve o alumnado en lingua galega.

#### C) A longo prazo

- Lograr o máis alto grao de normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.
- Iniciar un camiño de cooperación e participación de toda a comunidade educativa ante un proxecto común usando como medio vehicular a nosa lingua.

## **7. ACTIVIDADES E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

- Manter toda a información do centro en lingua galega, así como a nova que se incorpore.

- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos e nenas, os seus pais e nais ou os avós e avoas...
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística, e tamén para promocionar recursos, información e presentar á comunidade educativa as actividades que esteamos a realizar dende o centro.
- Propoñer lecturas en lingua galega.
- Promocionar o galego como lingua de intercambio comunicativo oral en toda a comunidade educativa.
- Procurar que as actividades complementarias se realicen, na medida das posibilidades, empregando a lingua galega.

## **8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR EN EDUCACIÓN INFANTIL E NAS ÁREAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Para chegar a esta determinación, pátese da base de que as decisións que se tomen están supeditadas á lexislación vixente, non esquecendo ademais a importancia de que o alumnado acade ao remate da Educación Primaria un nivel de competencia igualitario nas dúas linguas. Tendo en conta isto, no caso de Educación Infantil:

Seguindo o art. 5.2 do *D. 79/2010, do 20 de maio*, “*A lingua materna predominante será determinada polo centro, co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar a cerca da lingua materna do seu fillo/a*”.

E seguindo as *Instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*, con data 31 de xullo de 2013: “*Primeiro: A lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Co fin de levar a cabo tal resolución, teranse en conta os seguintes parámetros:*

a) *Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.*

b) *Realidade sociolingüística do contorno.*

c) *Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas."*

Seguindo o *D. 79/2010, do 20 de maio*, e as instrucións sobre o mesmo, en canto ao resultado á pregunta que se lles ven efectuando ás familias do alumnado do 4º nivel de Educación Infantil, estamos en condicións de determinar que a Lingua Materna do noso alumnado é o CASTELÁN.

Porén, tendo en conta a realidade sociolingüística do contorno e a necesidade de potenciar e garantir o desenvolvemento de ambas linguas cooficiais, chégase á conclusión de que o galego debe formar parte do día a día na interacción co alumnado, de maneira que se favoreza o seu desenvolvemento, o cal se atopa en desvantaxe respecto ao castelán, para así poder adquirir un bo nivel de capacitación no emprego de ambos idiomas.

No que respecta á Educación Primaria, seguindo o *D. 79/2010, do 20 de maio, onde se regula o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia e no D.105/2014, do 4 de setembro, onde se establece o curriculum da Educación Primaria en Galicia*, regúlase en que linguas se deben impartir as ensinanzas en Educación Primaria.

Desta forma, impartiranse en galego: Lingua Galega, Ciencias naturais, Ciencias Sociais, Educación Física e Educación Musical. En lingua castelá impartiranse as áreas de Lingua Castelá, Matemáticas, Relixión, Educación Plástica e Valores Sociais e Cívicos

## **9. TRATAMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS**

A día de hoxe, no proceso de globalización no que nos atopamos, a aprendizaxe de linguas constitúe unha necesidade. Por este motivo, na *Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación*, establécese a lingua estranxeira como área obligatoria para toda a

Educación Primaria, fomentando a introdución do inglés como lingua adicional dende Infantil, segundo a última norma de funcionamento; *Orde do 30 de Abril do 2007, DOG do 10 de Maio*, onde se estende a aprendizaxe temperá do inglés no 2º Ciclo da Educación Infantil.

Nestas dúas etapas educativas, deberíase dar a oportunidade de aprender a lingua desfrutando, e xerando unha actitude positiva cara a lingua estranxeira e a súa cultura.

No centro lévase a cabo a aprendizaxe do inglés na Educación Infantil cun número de horas establecidas que non superan 1 hora semanal por curso, repartidas en dúas sesións de 1/2 hora.

Na Educación Primaria, en 1º e 2º nivel corresponden 2 sesións semanais; e en 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria corresponden 3 sesións semanais, tal como se establece por Lei.

## **10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

Se o centro contase con alumnado que presente problemas no dominio das linguas e quenon poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles impartan, atenderase ao regulado no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galiza*, seguindo o establecido nos artigos 18 e 19 da mesma norma e na *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro*, e a *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais*. Polo tanto, o procedemento a seguir sería o seguinte:

Tras unha primeira reunión coa familia, na que estará representado o Departamento de Orientación, procederase a unha avaliación inicial do alumnado. Despois de realizar a avaliación elaborárase a redacción do informe psicopedagógico. Unha vez que o informe dictamine que o alumnado ten dificultades procederase ao seguinte:

- Dotación de profesorado de apoio.
- Aplicar os criterios de carácter organizativo e pedagógico que constan no Proxecto Educativo e nos documentos de desenvolvemento curricular.
- Levar a cabo, se fose necesario, un Plan de Acollida.
- Medidas de atención escolar:
  - De tipo curricular: reforzo educativo ou adaptación curricular
  - De tipo organizativo:
    - Grupo de adquisición de linguas: preténdese a través dunha agrupación flexible que mediante unha atención individualizada se impulse a formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino.
    - Grupo de adaptación da competencia curricular.

Ademais, propoñemos algunhas medidas a levar a cabo no día a día:

- Introducción e afianzamento progresivos e continuos das linguas, adaptándonos ao ritmo individual.
- Comezar traballando co alumno/a con mensaxes curtas e directas.
- Emprego de imaxes e pictogramas para comunicarse e ampliar vocabulario.
- Establecer semellanzas e diferenzas con ambos idiomas oficiais de Galicia.
- Coordinación co Departamento de Orientación e mestres/as que traballen co alumno/a.
- Atención polos Mestres/as especialistas do Dpto. de Orientación.
- Proporcionar información ás familias.

Aqueloutras que se establezan para o caso.

## 11.CONCLUSIÓN

Polo que se pode comprobar co recollido neste proxecto, o galego corre o risco de perderse. Estamos ante un serio problema co que queremos contribuír a atopar camiños para parar esta baixada de galegofalantes.

Nas xeracións máis novas son nas que se plasma o gran retroceso que está a sufrir a nosa lingua, entre outros motivos, porque xa non a reciben, polo tanto, estamos ante unha ruptura da transmisión oral dunhas xeracións a outras.

O galego está en desvantaxe con respecto ó castelán, xa que se considera que esta segunda é máis útil para a promoción social, e o galego segue a marxinarsen en moitos contextos (sociais, laborais, culturais, artísticos...). Isto provoca que a nosa lingua se reserve a situacións do ámbito familiar e informal coas amizades para os galegofalantes.

É por todo isto polo que o emprego do galego na escola, nas administracións, na actividade laboral, etc., vai ser esencial para a conservación do idioma e o aumento do seu prestixio.

O que está claro é que o castelán é a lingua materna da maioría do noso alumnado e a segunda lingua dos que son galegofalantes. É curioso que os que teñen coma lingua inicial a nosa coñezan e se desenvolvan nas dúas linguas oficiais de Galicia, e os que se inician en castelán teñan dificultades na súa competencia lingüística en galego, xogando aquí un papel fundamental a escola, pois moitas nenas e nenos só o escoitan aquí.